

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	NON CUBRIR
MATERIA	PRODUCCIÓN E XESTIÓN
DISCIPLINA	Produción e Xestión
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	6 ECTS
CARÁCTER	Formación básica
DEPARTAMENTO	Dirección de Escena e Dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	Nome e apelidos: Xavier Castiñeira Blanco Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/qlg/profesorado.php?id=2&tit=Titor%EDas Despacho: Xefatura de estudos Contacto: xacabla@edu.xunta.es
DESCRIBIÓN	Coñecementos sobre a lexislación das artes do espectáculo (normativas comerciais, administrativas, laborais e de seguridade). Valoración do traballo en función do marco socio-laboral. Coñecemento do proceso de elaboración dun proxecto de produción desde os puntos de vista comunicativo e económico. Comprensión do marco social no que se desenvolvan a creación de proxectos de xestión ou produción.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se precisan coñecementos previos para a realización desta disciplina.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisión que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T13	Buscar a excelencia e calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
EE4	Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	
1. Comprender a importancia da planificación e a produción dentro dun proceso espectacular a través dunha visión práctica e imaxinativa.	COMPETENCIAS VINCULADAS
2. Aprender a elaborar un plan de traballo no eido escenográfico a partir dos	T2, T10, T15, T17, EE3.
	T1, T3, T4, T9, T10, T13, T15, T16, X3,

condicionamentos previos.		EE3,EE4.	
3. Adquirir os coñecementos básicos da lexislación vixente en materia de seguridade nos espectáculos escénicos e audiovisuais.		T2,T4,T13,T16,X3,EE3.	
4. Aprender a manexar programas informáticos sobre presentación de proxectos, elaboración de cronogramas e traballo en rede.		T4, T15.	
5. Fornecer e enraizar o traballo do alumno/a dentro dun sistema socio-laboral, económico e cultural preexistente.		X3, X7, EE6	
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1. A produción I: <i>introdución</i> .	1.1 O mecenas, o produtor, o empresario e o xestor cultural. 1.2. O escenógrafo en relación ás outras profesións e oficios teatrais.	5h.	
2. Producción II: <i>o proxecto escénico</i> .	2.1. Definición. Fases do proxecto escénico.	2h.	
3. Producción III: <i>preproducción</i> .	3.1. O equipo de traballo. Formas internas de comunicación. Estratexias organizativas. O traballo en rede. 3.2 Sesións previas. 3.3 Definicións das grandes liñas de traballo. <i>Fases, actividades, tarefas</i> 3.4 Calendario de produción: <i>cronogramas</i> 3.5 Táboa de recursos e necesidades. 3.6 Elaboración de presupostos. 3.7 A presentación do proxecto.	8h.	
4. Producción V: <i>posproducción</i> .	4.1. Protocolos de entrada nos teatros. Rider técnico. 4.2. O espectáculo en xira.	2h.	
5. A produción VI: <i>lexislación</i> .	5.1. Regulamentación xeral e específica do sector. 5.2 Os diferentes modelos de empresa. 5.3. A prevención de riscos. 5.4. Seguros do espectáculo. 5.5. Convenios dos traballadores do medio teatral e audiovisual. 5.6. Tipos de contrato: <i>modelos</i> .	23h.	
6.O sistema teatral galego	6.1 O modelo galego: <i>a estrutura de mercado en Galicia (o sector escénico e audiovisual)</i> .	20h.	
TOTAL SESIÓNS			60h.
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	5h.	---	5h
Exposición maxistral	20h	---	20h
Exposición práctico-teórica	---	5h.	5h
Práctica individual	10h	40h.	50h
Práctica colectiva	10h	20h.	30h
Obradoiro	---	---	---
Seminarios	---	---	---
Actividades complementarias	---	40h.	40h
Outros	---	---	---
Titorías individuais	10h.	10h.	20h
Titorías de grupo	---	---	---
Actividades de avaliación. Probas	2h.	5h	7h
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2h.	---	2h
Actividades de avaliación. Revisión	1h.	---	1h
TOTAL	60 h.	120 h.	180 h.

PORCENTAXE		33,33%	66,66%	100%
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE				
Actividades	Descrición			
Actividades introdutorias.	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como para presentar a materia.			
Sesións maxistras.	Exposición por parte do docente dos contidos fundamentais da disciplina.			
Probas escritas.	<p>Explicación do modelo de Maslow trasladado á produción espectacular: translación das preguntas de Maslow ás inquedanzas individuais do alumnado.</p> <p>Descrición e análise da lexislación sobre creación de empresas, riscos, seguros e contratos: a partir do analizado na clase o/a alumno/a realizará un tes de comprensión en relación aos diferentes contidos lexislativos vistos na clase.</p> <p>Descrición e análise do modelo espectacular galego: a través dun test, o alumnado terá que responder diversas cuestións sobre o modelo galego.</p>			
Traballo de campo.	Aproveitando unha das diferentes actividades escénicas que se desenvolven na ESAD ou dentro da cidade de Vigo, o alumnado participará na produción das mesmas.			
Traballos prácticos.	<p>Planificación dun proxecto de produción: a partir das premisas e textos propostos polo equipo docente, os grupos integrados entre alumnos/as de dirección (Prácticas de dirección de escena) e escenografía (Iluminación II e Obradoiro de escenografía I) coma os traballos non integrados, terán que elaborar un plan de produción a partir dos puntos indicados polo docente. Así mesmo, o alumnado integrado terá que facer presentacións periódicas ao equipo de docentes que coordinará a segunda fase do proxecto durante as horas de titoría. O alumnado que non curse ou integre nas materias anteriormente indicadas, terá que facer, individual ou colectivamente, un proxecto de produción sobre unha proposta escénica elixida polo propio alumnado.</p>			
Titorías individuais.	Entrevistas que o/a alumno/a mantén co profesorado da disciplina para asesoramento/desenvolvemento das actividades e do proceso de aprendizaxe. Estas titorías individuais poden ser solicitadas tanto polo alumnado coma polo docente.			
Titorías grupais.	Entrevistas que cada grupo de traballo -dentro dos traballos prácticos- teñen co docente para ser supervisados dentro de cada proceso de forma específica. Estas titorías grupais poden ser solicitadas tanto polo alumnado coma polo docente.			
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA				
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado nas diferentes actividades avaliadas.			
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas do alumnado.			
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN				
8.1 Avaliación ordinaria				
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas		Ponderación	
Análise persoal sobre o modelo de Maslow.	T13, T15, X3, X7		10%	
Test sobre o modelo escénico e audiovisual galego.	T2, T4, X7		10%	
Descrición e análise da lexislación sobre creación de empresas, riscos, seguros e contratos.	T2, T4, T17		10%	
Traballo de campo	T1, T3, T4, T9, T10, T13, T15, X7, EE4		10%	
Planificación dun proxecto de produción.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T13, T15, T16, T17, X3, X7, EE3, EE4, EE6.		60% dos cales: 1- Plan de produción: 70% 2- Presentación pública: 30%	
8.2. Avaliación extraordinaria				

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Deseño dun proxecto virtual de produción dun espectáculo teatral en base aos parámetros marcados polo docente.	T1,T2,T3,T4,T9,T10,T13,T15,T16, T17,X3,X7,EE3,EE4,EE6.	60% dos cales: 1- Plan de produción: 70% 2- Presentación pública: 30%
Test sobre os diferentes contidos do curso.	T2, T4, T17, X7	40%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Deseño dun proxecto virtual de produción dun espectáculo teatral en base aos parámetros marcados polo docente.	T1,T2,T3,T4,T9,T10,T13,T15,T16, T17,X3,X7,EE3,EE4,EE6.	60% dos cales: 1- Plan de xestión: 70% 2- Presentación pública 30%
Test sobre os diferentes contidos do curso.	T2, T4, T17, X7	40%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Referencias básicas: CIMARRO, Jesús (1997). <i>Guía de las artes escénicas</i> . Madrid:Fundación autor. PÉREZ MARTÍN, Miguel Ángel (1996): <i>Técnicas de organización y gestión</i> . Ciudad Real: Ñaque. PÉREZ MARTÍN, Miguel Ángel (2004): <i>Gestión de salas y espacios escénicos</i> . Ciudad Real: Ñaque.		
Referencias complementarias: BYRNES, William J. (2003). <i>Management and the arts</i> . USA: Focal Press COLOMER, Jaume. <i>La gestión de las artes escénicas en tiempos difíciles</i> . Barcelona: Cuadernos Gescenic. CONTRERAS, Jesús (1997). <i>Producción, gestión y distribución del teatro</i> . Madrid: Fundación autor. DIGGLE, Keith (1984). <i>Guide to arts marketing</i> . Londres: Rhinegold publishing. DRUCKER, Peter (1992). <i>Dirección de instituciones sin fines de lucro</i> . México: El Ateneo. GALÁN Eduardo y PÉREZ DE LA FUENTE, Juan Carlos (1995). <i>Reflexiones en torno a la política teatral</i> . Madrid: Fundación para el análisis y los estudios sociales. GÓMEZ DE LA IGLESIA, R (2000). <i>Público y privado en la gestión cultural</i> . Vitoria-Gasteiz: Xabide. H. MASLOW, Abraham (2005). <i>El management según Maslow</i> . Barcelona: Ed. Paidós.		
10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS		
<p>Os/as alumnos/as terán que firmar unha folla de firma á entrada das clases. Por cada hora de clase o/a alumno/a terá que asinar esta folla en relación ás horas de cada sesión. En caso de ter un 10% de faltas sen xustificar o/a alumno/a perderá a avaliación continua tendo que rexerse aos parámetros marcados na convocatoria de avaliación específica no prazo correspondente.</p> <p>A entrada dun alumno/a dez minutos despois do inicio da clase considerárase falta.</p> <p>Os traballos fora do prazo estipulado polo docente serán valorados como non entregados.</p> <p>Para aprobar a disciplina o/a alumno/a terá que aprobar todas as actividades avaliadas. En caso de ter suspendida unha ou varias das actividades de avaliación e non ter perdida a avaliación continua, o/a alumno/a poderá recuperar cada unha desas partes nas datas de avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria. De non superar as probas correspondentes, o/a alumno/a terá que presentarse con todas as actividades avaliadas na convocatoria extraordinaria.</p> <p>No caso de que o/a alumno/a non estea conforme coa nota obtida na avaliación continua terá dereito a presentarse ao exame extraordinario sendo a nota que saque nesta proba a que se incluíra na acta, independentemente de si é inferior á adquirida na avaliación continua.</p> <p>Está totalmente prohibido entrar na aula con comida ou bebida agás unha botella de auga.</p> <p>As presentacións dos traballos terán que estar feitos baixo a normativa APA marcada polo centro. Nestes traballos valorárase porcentualmente o nivel de expresión, o gramatical e a coherencia.</p> <p>As propostas de partida empregados polo alumnado estarán determinados polo equipo docente das seguintes disciplinas: Obradoiro de escenografía I, Prácticas de dirección de escena e Iluminación II. No caso de non vincularse por decisión do profesorado implicado nesas materias ou por cuestións excepcionais, o alumnado terá dereito a escoller a proposta dramaturxica que máis lle interese para realizar o traballo de produción da materia.</p>		
11. NECESIDADES DA MATERIA		
<p>Para desenvolver correctamente as actividades que permitan acadar as competencias marcadas na guía docente é imprescindible que no espazo de traballo haxa unha mesa ampla de traballo, varios ordenadores con conexión a internet e un teléfono.</p> <p>Para poder desenvolver a integración das disciplinas recollidas nesta guía, é necesario que o alumnado de dirección, dramaturxia e escenografía de 3º teñan unha hora conxunta como mínimo na docencia.</p>		

